



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO

DATA: 24 DE XANEIRO DE 2008

HORA: 20.30

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Foz (Lugo), sendo as 20:30 horas do día VINTE E CATRO DE XANEIRO DE 2008, previa convocatoria ó efecto ás 20:30 horas, réunese o Concello Pleno co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria baixo a presidencia do Sr. Alcalde Presidente D. José María García Rivera e coa asistencia dos Concelleiros:

- D. Xaime Cancio Rodríguez
- Dona Rosa Alonso Rodríguez
- D. Pedro M. Fernández Marful
- D. Ramón Sixto Legaspi
- D. Ángel Cao Pérez
- Dona. María Lidia Rodríguez Moreda
- D. José Luís Sánchez García
- Dona. María Luisa Prieto Fanego
- D. Xoán Carlos González Basanta
- D. Balbino Fernández López
- Dona María Xosefa Alonso Otero

Secretario: D. Diego Ballina Díaz, secretario do Concello de Foz.

Asiste tamén o interventor municipal: D. Luís Ramón Vázquez Parga.

Non asiste a Concelleira D^a. Ana A. Incera Ares.

A Presidencia, tras comproba-la existencia do quórum esixido polo artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e pásase ó estudo, debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ORDE DO DÍA

1º- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 20 E 27 DE DECEMBRO DE 2007 (PLENOS ORDINARIO E EXTRAORDINARIO RESPECTIVAMENTE).-

Polo Secretario Municipal infórmase da existencia dun erro na acta do 20 de decembro de 2007 na páxina oito onde afirma:

- Que se realicen os trámites oportunos ante *á Consellería de Política Territorial* para, previa a realización dun proxecto polos técnicos municipais, para a realización do mesmo.

debe dicir:

- Que se realicen os trámites oportunos ante *o Ministerio de Fomento* para, previa a realización dun proxecto polos técnicos municipais, para a realización do mesmo.

Correccións propostas polo señor voceiro do grupo municipal do BNG:

Nos rogos formulados polo grupo municipal do BNG no último Pleno debe corrixirse o seguinte:

A zona onde debe poñerse unha rúa e numerarse é As Cascaras e non Os Cascares

O cemiterio onde deben recollese as caixas debe precisarse que trátase do cemiterio do San Martiño

As actas son **aprobadas por unanimidade coas salvedades reflectidas.**

2º- DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN: DAR CONTA.-

A Corporación **dáse por enterada.**



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

3º- APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO AO ALLEAMENTO DUNHA FINCA MUNICIPAL NO POLÍGONO 4-74 DO PLANO XENERAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE VILARONTE.-

Sométese á consideración da comisión a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa:

Considerando o informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable á alienación dunha finca rústica no POLÍGONO 4-74 DO PLANO XENERAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE VILARONTE CUNHA SUPERFICIE DE 360 M2, propiedade do Concello.

Considerando o informe dos Servizos Técnicos Municipais, no que se realizou unha detallada descrición do ben inmovible, sendo valorado en 779 euros.

Considerando o informe de Intervención de data 13 de xuño.

Considerando o acordo plenario de data 25 de outubro de 2007 polo que se aprobou o inicio do expediente de alleamento e o seu Prego de Condicións, publicándose a licitación no Boletín Oficial da Provincia n.º 277 de data 1/12/2007.

Considerando as proposicións presentadas por: Dona Eugenia Pedreira Janeiro e por D. Agustín Folgueira Pedreira.

Considerando a apertura de plicas e a Mesa de Contratación eleva proposta ao órgano contratante en favor de D. Agustín Folgueira Pedreira.

Realizada a tramitación legalmente establecida e de conformidade coas atribucións outorgadas na lexislación do réxime local.

PROPOÑO AO PLENO MUNICIPAL

PRIMEIRO. *Declarar válida a licitación e adjudicar definitivamente a alienación dunha finca rústica no POLÍGONO 4-74 DO PLANO XENERAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE VILARONTE CUNHA SUPERFICIE DE 360 M2, por procedemento aberto mediante poxa, a **D. Agustín Folgueira Pedreira**, polo prezo de 2.500 euros.*

SEGUNDO. *Dispoñer o ingreso que aparece no Presuposto xeral anual para realizar a inversión programada neste.*



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

TERCEIRO. *Anotar a alienación no Inventario municipal de bens ao efecto de actualizalo, unha vez formalizada a alienación.*

CUARTO. *Notificar ao adxudicatario e ao resto de licitadores, no prazo de dez días, o presente Acordo e requíraselle para que dentro dos quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación, se realice o pagamento e se formalice a Escritura pública.*

QUINTO. *Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrais.*

SEXTO. *Facultar o Alcalde, para que subscriba todas as actuacións que se deriven do expediente, entre elas a sinatura da Escritura pública de alienación.*

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR CAO PÉREZ: Nós xa nos pronunciamos favorablemente na comisión informativa.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA: En coherencia polo xa exposto sobre este asunto polo grupo do BNG imos votar en contra.

Sometido a votación a proposta é **aprobada con nove votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi, D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García e Dª María Luisa Prieto Fanego) e tres votos en contra D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.**

4º- APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Ó INICIO DO EXPEDIENTE DE DESCATALOGACIÓN DO MONTE 44-2A- "TEIXEIRA" NA PARROQUIA DE SANTA CILLA.-

Sométese á consideración da comisión a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa:

Visto que no catálogo de montes de utilidade pública figura como monte catalogado de titularidade municipal o seguinte:

MONTE 44-2A- "TEIXEIRA" aprobado por Orden Ministerial de 21 de xaneiro de 1960

PERTENENCIA: SANTA CILLA

SUPERFICIE: 116,80 HA

LÍMITES

N: Termo da parroquia de Cordido

E: Propiedades do Condado de Santa Marta de Babío



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

S: con propiedades particulares de Teixeira e carretera de San Acisclo a Fazouro

O: Termo de la parroquia de San Acisclo

Tomando en consideración que o citado monte non cumpre coas características necesarias para a súa permanencia no catalogo de montes de utilidade pública por non estar incluído nos supostos previstos no artigo 11 da lei 43/2003 de 21 de novembro de montes o que supón unha protección inadecuada e que pode impedir a utilización e disfrute adecuado dos citados terreos.

PROPOÑO AO PLENO MUNICIPAL

PRIMEIRO. A iniciación, o abeiro do artigo 16 da lei 43/2003, de 21 de novembro de montes, do expediente de descatalogación do monte seguinte:

MONTE 44-2A- "TEIXEIRA" aprobado por Orden Ministerial de 21 de xaneiro de 1960

PERTENENCIA: SANTA CILLA

SUPERFICIE: 116,80 HA

LÍMITES

N: Termo da parroquia de Cordido

E: Propiedades do Condado de Santa Marta de Babío

S: con propiedades particulares de Teixeira e carretera de San Acisclo a Fazouro

O: Termo de la parroquia de San Acisclo

SEGUNDO. Solicitar á Xunta de Galicia (Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural, Servizo de Montes e Industrias Forestais), que previa a tramitación do expediente oportuno, acorde a exclusión do citado monte do catálogo de bens de titularidade pública.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR CAO PÉREZ:
Aceptamos a descatalogación e que se dean os terreos aos seus donos.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR GONZÁLEZ BASANTA:
Estamos de acordo coa proposta parece acreditado que non son de titularidade municipal.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

5º- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CALIFICACIÓN XURÍDICA DA FINCA EN "VEIGA DE REQUEIJO- SAN ACISCLO" ADQUIRIDA A D. NICOLÁS URÍA FREIRE INCORPORADA Ó INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS EN DATA 29/03/07 PARA DESTINALA Á INSTALACIÓN DUNHA DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS.-

A urxencia da proposta **é aprobada por unanimidade.**



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Acordada a urxencia sométese a consideración do Pleno Municipal a seguinte proposta da Alcaldía:

Visto requerimento efectuado polo Notario da praza en relación coa calificación xurídica de determinados bens con carácter previo a súa elevación a escritura pública.

Considerando o informe de Secretaría de data quince de xaneiro de 2008 no que se propón a súa calificación como bens patrimoniais.

Realizada a tramitación legalmente establecida e de conformidade coas atribucións outorgadas na lexislación do réxime local.

PROPOÑO AO PLENO MUNICIPAL

PRIMEIRO. Calificar xuridicamente como **ben patrimonial** o seguinte ben:

- FINCA EN “VEIGA DE REQUEIJO- SAN ACISCLO” ADQUIRIDA A D. NICOLÁS URÍA FREIRE INCORPORADA Á INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS EN DATA 29/03/07 PARA DESTINARLA Á INSTALACIÓN DUNHA DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS

SEGUNDO. Adxuntar o presente acordo ao Inventario Municipal de Bens.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

6º- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CALIFICACIÓN XURÍDICA DA FINCA EN “OS FONDAS- VILLARONTE” ADQUIRIDA A DOÑA MARÍA ORQUIDEA POSADA RODRÍGUEZ INCORPORADA Ó INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS EN DATA 20/09/07 PARA DESTINALA A PASEO MARÍTIMO, ÁREAS DE OCIO E APARCAMIENTO.-

A urxencia da proposta **é aprobada por unanimidade.**

Acordada a urxencia sométese a consideración do Pleno Municipal a seguinte proposta da Alcaldía:

Visto requerimento efectuado polo Notario da praza en relación coa calificación xurídica de determinados bens con carácter previo a súa elevación a escritura pública.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Considerando o informe de Secretaría de data quince de xaneiro de 2008 no que se propón a súa calificación como bens patrimoniais.

Realizada a tramitación legalmente establecida e de conformidade coas atribucións outorgadas na lexislación do réxime local.

PROPOÑO AO PLENO MUNICIPAL

PRIMEIRO. Calificar xuridicamente como **ben patrimonial** o seguinte ben:

- FINCA EN “OS FONDAS- VILLARONTE” ADQUIRIDA A DONA MARÍA ORQUIDEA POSADA RODRÍGUEZ INCORPORADA Á INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS EN DATA 20/09/07 PARA DESTINARLA A PASEO MARÍTIMO, ÁREAS DE OCIO E APARCADOIRO

SEGUNDO. Adxuntar o presente acordo á Inventario Municipal de Bens.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

7º- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CALIFICACIÓN XURÍDICA DO BAIXO COMERCIAL SITO NO EDIFICIO DAMIÁN ENTRE AS RUAS PASEO COLÓN E PARDO BAZÁN RECIBIDO NO MARCO DE CONVENIO URBANÍSTICO E INCORPORADO Ó INVENTARIO MUNICIPAL EN DATA 25/10/2007 SOBRE O CAL SE ESTÁ TRAMITANDO UN EXPEDIENTE DE CESIÓN TEMPORAL Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE.-

A urxencia da proposta **é aprobada por unanimidade.**

Acordada a urxencia sométese a consideración do Pleno Municipal a seguinte proposta da Alcaldía:

Visto requirimento efectuado polo Notario da praza en relación coa calificación xurídica de determinados bens con carácter previo a súa elevación a escritura pública.

Considerando o informe de Secretaría de data quince de xaneiro de 2008 no que se propón a súa calificación como bens patrimoniais.

Realizada a tramitación legalmente establecida e de conformidade coas atribucións outorgadas na lexislación do réxime local.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

PROPOÑO AO PLENO MUNICIPAL

PRIMEIRO. Calificar xuridicamente como **ben patrimonial** o seguinte ben:

-BAIXO COMERCIAL SITO NO EDIFICIO DAMIÁN ENTRE AS RUAS PASEO COLÓN E PARDO BAZÁN RECIBIDO NO MARCO DE CONVENIO URBANÍSTICO E INCORPORADO Ó INVENTARIO MUNICIPAL EN DATA 25/10/2007 SOBRE O CAL SE ESTÁ TRAMITANDO UN EXPEDIENTE DE CESIÓN TEMPORAL Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE.

SEGUNDO. Adxuntar o presente acordo ó Inventario Municipal de Bens.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

PP

- 1) Felicitación do Concello de Nadal, se é de toda a Corporación que a asinen todos os concelleiros e non solo os do equipo de goberno.
- 2) Pista en Cordido, en A Fabega, existen oito puntos de luz sen que funcionen todas as luminarias, que se solucione colocándose puntos de luz na zona en que hai vivendas.
- 3) Que se efectúen os asfaltados comprometidos na modificación de crédito aprobada na zona de Cruz de Veiga a Ferreira.
- 4) Que se cumpra cos días de recollida de lixo en Cordido, nas zonas de Barral e A Fabega que son os Luns, Mércores e Venres e que non se cumpren nunca.
- 5) Que se atendas as queixas dos veciños pola circulación en dirección contraria do camiión do lixo na vila.
- 6) Que se proceda a limpar as palmeiras ao lado da parada de taxis en Avda. da Mariña.

BNG

- 1) Que se poña un punto de luz no aparcamento da piscina municipal.

O SEÑOR ALCALDE: Xa se puxeron.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2) Que se arranxen as varandas no Centro Social xa que existe un riesgo para os menores.

A SEÑORA CONCELEIRA DELEGADA DE ASUNTOS SOCIAIS, SRA. ALONSO RODRÍGUEZ: As varandas non son adecuadas, imos a substituílas por uns cristais grosos.

3) Que se mellore a limpeza no parque infantil do muelle.

4) Que se proceda a arranxar as luminarias na rúa Pintor Laxeiro.

PREGUNTAS

PP

1) ¿Qué criterios se están a seguir nos entroncamentos da rede de sumidoiros en Cordido?

O SEÑOR ALCALDE: EN primeiro lugar todas as casas que estean a máis de cen metros da rede.

2) A zona amarela fronte ao Gadis segue pintada ordenándose a súa retirada en verán, que tomen as medidas oportunas

O SEÑOR ALCALDE: Esta semana, xunto co cabo da policía municipal, tomarase unha solución.

3) ¿Qué criterios se están a seguir nas anchuras dos asfaltados para que nuns casos se asfalte tres metros de ancho e noutros cinco)?

O SEÑOR ALCALDE: Realízase en función do estado en que se atopa a vía.

4) ¿Por qué se efectúan traballos de poda de árbores e non se recollen como se aprecia nesta foto?

O SEÑOR ALCALDE: Solucionarémolo no menor prazo posible.

5) Que se proceda a quitar os vados caducados.

O SEÑOR ALCALDE: Traballaremos sobre iso, infórmenos de todos aqueles que coñezan.

6) Unha señora á que se lle concedeu axuda a domicilio deixou de percibila porque a auxiliar está de baixa. ¿Que medidas van tomar?

O SEÑOR ALCALDE: Poreino en coñecemento do asistente social.

7) Na rúa do Pilar, ¿por qué non se toman medidas para que solo se aparque a un lado?.

O SEÑOR ALCALDE: A rúa do Pilar vai ser obxecto dunha completa reforma, en canto se efectúe fixérase unha dirección única e un lado de aparcamento.

8) Na estrada do cemiterio a Marzán hai unha gabia que se deixou sen sinalizar varios días, producíndose un accidente. O prexudicado reclamou, ¿pensan aboalo os danos?

O SEÑOR ALCALDE: O dano debe acreditarse de forma efectiva, a policía debe levantar acta no momento, se non se fai así non se vai aboar cantidade ningunha.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

BNG

1) ¿Cando van estar as obras da Galescola?

O SEÑOR ALCALDE: Van a bo ritmo, en breve prazo.

2) ¿Cando se vai mellorar a imaxe das obras que están paradas, especialmente a do cinema?

O SEÑOR ALCALDE: Xa se lles advertiu varias veces, neste tema vai haber que poñerse serios ordenarlles sacalas vía decreto e se non o facer nós á súa costa.

3) As alarmas das grúas funcionan polas noites e as fins de semana, que se corrixa porque por lei non poden funcionar.

4) Os veciños de Vilaxoane solicitan que se poña un paso a nivel elevado

O SEÑOR ALCALDE: A policía desestimouno por non ser un sitio axeitado.

Non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión sendo as 21:30 horas do expresado día, estendéndose de todo elo a presente acta, de que eu o Secretario dou fe.-

O Alcalde,

O Secretario

Asdo. José M^a García Rivera

Asdo. Diego Ballina Díaz